

## **CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL PARA O GRUPO NOVOS MATERIAIS (FA3)**

### **PRAZA: INVESTIGADOR/A**

Convócase un proceso de selección para a contratación de un investigador/a, mediante contrato en réxime temporal ao abeiro do proxecto “Grupos de Referencia Competitiva (GRC)”, financiado polo Programa de Consolidación de Unidades de Investigación Competitivas do SUG da Xunta de Galicia (ED431C 2021/49).

### **BASES QUE REGULAN O PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL**

#### **PRIMEIRA. OBXECTO:**

A presente convocatoria ten como finalidade a selección de persoal para a contratación, en réxime temporal, de persoal de investigación para o Grupo de Novos Materiais (FA3) da Universidade de Vigo.

#### **SEGUNDA. REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES**

Os/as aspirantes deberán cumprir, á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

##### **Requisitos xerais:**

- Ter cumpridos os dezoito anos.
- Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas do perfil solicitado.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.

##### **Requisitos específicos:**

- Doutor/a no ámbito científico-tecnolóxico.
- Experiencia de 3 anos en investigación de post-doutoramento no ámbito biomédico

##### **Habilidades:**

- Experto/a en procesos de fabricación de biomateriais e o seu testado biolóxico
- Responsable en xestión de infraestruturas para ensaios biolóxicos de biomateriais.
- Redacción de proxectos de investigación.
- Experiencia en preparación de publicacións científicas.
- Comunicación oral e escrita en inglés.

##### **Liñas de investigación relacionadas con:**

- Obtención de biomateriais de orixe sintético e biolóxico.
- Fabricación de scaffolds para enxeñaría de tecidos.
- Desenvolvemento de estudos de biocompatibilidade de materiais de uso biomédico.

## **TERCEIRA. DESCRICIÓN DO POSTO DE TRABALLO**

A contratación formalizarase cun contrato laboral en réxime temporal a tempo parcial (20 horas semanais) por un período de 12 meses.

## **CUARTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Os/as aspirantes deberán enviar no prazo designado, á dirección de correo electrónico [newmaterials@uvigo.es](mailto:newmaterials@uvigo.es), a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude (anexo I)
- Currículum vitae

O prazo de presentación das solicitudes finaliza o **23 de xullo de 2021 ás 23:59 h.**

## **QUINTA. PROCEDEMENTO E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA**

Finalizado o período de presentación das solicitudes, elaborárase unha lista provisional de admitidos e excluídos, que se notificará aos solicitantes/as.

Abrirase un prazo de 3 días para emendar os erros e enviar a documentación que se precisa. Transcorrido dito período, elaborárase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

A Comisión de Selección que valorará os méritos presentados polos/as aspirantes, estará composta por persoal investigador do Grupo de Novos Materiais da Universidade de Vigo. Opcionalmente, pode ser preciso unha entrevista persoal.

Completado este proceso, notificaranse os resultados provisionais, establecendo un período de reclamación de 3 días. Vistas as reclamacións ou transcorrido o prazo sen que houberse ningunha reclamación, a Comisión de Selección notificará os resultados definitivos.

A Comisión de Selección se o estima oportuno, poderá configurar unha lista de espera cos aspirantes con mellor puntuación para atender as posibles necesidades derivadas do proxecto.

En caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria, a Comisión de Selección poderá declarar deserta de forma motivada a convocatoria de selección convocada.

## ANEXO I: MODELO SOLICITUDE

### CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL PARA O GRUPO NOVOS MATERIAIS (FA3)

#### PRAZA: INVESTIGADOR/A

#### Datos persoais do solicitante

<b>Nome e apelidos</b>		<b>DNI</b>	
<b>Dirección</b>			
<b>Localidade</b>		<b>Provincia</b>	
<b>Teléfonos de contacto</b>			
<b>Correo electrónico</b>			

#### Documentación que adxunta:

- Impreso de solicitude (anexo I)
- Currículum vitae

O/A aspirante declara a veracidade dos datos consignados nesta solicitude e manifesta coñecer e aceptar as bases da presente convocatoria

En ..... a ..... de xullo de 2021

Firma do solicitante